



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

**1. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero*, programa que ofrece ás mulleres usuarias da *Rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* (e persoas delas dependentes), axuda e apoio no ámbito da educación familiar e social co fin de contribuír ao desenvolvemento das ferramentas e recursos necesarios que lles permitan levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto da violencia.

**1.1 Necesidades a satisfacer pola Administración**

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, aos seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no seu artigo 48 establece a Rede galega de Acollemento, e define os centros de acollida como recursos especializados residenciais e temporais, que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, define, na súa disposición adicional terceira, ás *mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social*, nas que inclúe, entre outras, ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os centros de acollida como servizos sociais comunitarios específicos (artigos 12 e 13), e atribúe aos concellos a competencia para a súa creación e xestión (artigo 60).

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 26, define as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos: a xestión dos centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como,



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

entre outros, os centros de acollida; así como o asesoramento, atención e orientación prestada ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

A Orde do 25 do xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social define os centros de acollida e inclusión como *centros en réxime residencial temporal nos cales, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social.*

A rede municipal de vivendas de protección de vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo encadraríase dentro do programa de transición á vida autónoma que ofrecen estes centros de acollida, e que ven definido nesta orde.

O Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, de conformidade coa Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece a violencia de xénero como factor concorrente, entre outros, para definir a situación ou risco de exclusión social. O Decreto reclasifica os programas e servizos e derroga expresamente a Orde do 25 de xaneiro de 2008 pero déixaa transitoriamente en vigor en tanto non se diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto. A día de hoxe, por tanto, continúa en vigor a Orde do 25 de xaneiro de 2008.

O Decreto 254/2011 do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais. A rede municipal de vivendas de protección de vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo está formada por tres centros de acollida e inclusión, autorizados e acreditados, integrados no RUEPSS conforme á normativa autonómica.

Un dos obxectivos xerais do *VIII do Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027* consiste en "articular unha resposta institucional efectiva para a erradicación da violencia de xénero en todas as súas formas". En concreto, o Plan recolle, entre outras, as liñas de acción 8.3.2 Mellora dos recursos de asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo e garantía do seu acceso en contextos de emerxencia social (servizos de emerxencia, acollemento residencial, asistencia psicolóxica e xurídica, programas de inclusión sociolaboral, etc.) e a liña de acción 8.3.5 Mantemento da prioridade de acceso a axudas, recursos e programas específicos para contribuír ao benestar integral das mulleres vítimas de violencia e dos seus fillos e fillas.

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos: 4.A. *Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.* Entre as actuacións a poñer en marcha: 4.A.1. *Posta en marcha dun Programa de dinamización para mulleres vítimas de violencia dotado de*



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

*persoal especializado co obxectivo de erradicar o illamento e soidade e potenciar as relacións sociais entre as mulleres vítimas que o precisen; 4.A.2.Realización de actuacións formativas sobre relacións interpersonais e resolucións de conflitos dirixidas ás mulleres usuarias dos dispositivos municipais de acollemento; 4.A.9.Potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.*

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponse ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

O presente contrato, ademais, atópase vinculado ás competencias que en materia de Igualdade ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolucións da Alcaldía dos días 18 e 26 de xuño de 2019, modificadas polas Resolucións de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias, que, no relativo a este servizo e á súa finalidade, son *a dirección e coordinación, entre outros, da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero; promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos fillos e ás fillas menores ao seu cargo, propoñer á Xunta de Goberno Local as cesións temporais de ocupación na rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, previa proposta técnica das profesionais dos servizos municipais de atención ás mulleres.*

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de **servizos**, previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O contrato actualmente vixente do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* vence o 27 de decembro de 2022 polo que resulta indispensable tramitar unha nova licitación.

O *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero* ten como obxectivo principal ofrecer ás mulleres beneficiarias do dispositivo, e ás persoas delas dependentes, axuda e apoio no ámbito da educación familiar e social co fin de contribuír ao desenvolvemento das ferramentas e recursos necesarios que lles permitan levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto da violencia. As usuarias da rede reciben apoio social e familiar da figura co perfil profesional de Educación Social que intervirá e acompañará ás usuarias deste dispositivo na



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

consecución dos obxectivos sociais, psicolóxicos e xurídicos da unidade familiar beneficiaria, establecidos no proxecto de intervención de cada usuaria.

A rede municipal de vivendas de protección está integrada por 3 pisos de propiedade municipal en Vigo. O número de prazas autorizadas na totalidade da rede é de 15 persoas (incluíndo persoas adultas e menores). Estipúlase que o número máximo de unidades familiares coas que se poderá traballar simultaneamente será de 4. O prazo máximo de intervención con cada beneficiaria e persoas ao seu cargo será de 12 meses, excepcionalmente poderase prorrogar ata un máximo de 15 meses, previo acordo polo órgano municipal competente.

No expediente non se fai ningunha referencia ao enderezo das vivendas que integran a rede municipal por razóns obvias de seguridade e protección das persoas acollidas.

As altas e as baixas no dispositivo de acollemento realizaranse a proposta dos servizos municipais de atención ás mulleres.

O obxecto do contrato non comprende, por tanto, a xestión da rede municipal de vivendas senón que se limita a cubrir unha das prestacións que a rede de vivendas ofrece ás súas usuarias: a intervención sociofamiliar a través da figura da educadora social, que se realizará coas persoas usuarias das vivendas de maneira ambulatoria e en coordinación co equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres*. As tarefas de coordinación realizaranse en reunións presenciais e/ou virtuais, vía *email* e telefónica.

**As necesidades a satisfacer pola Administración** coa presente contratación consisten na execución do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero*, coas que se intervirá a través do perfil profesional de Educación Social na consecución dos seguintes obxectivos e tarefas: favorecer a normalización da unidade familiar e a superación dos efectos da violencia traballando na consecución dos obxectivos do proxecto individualizado de intervención social que lles permita a recuperación integral; reforzo dos recursos persoais da unidade familiar, as súas capacidades e habilidades; reforzo da autoestima, crecemento persoal e empoderamento; favorecer a integración, promoción e participación da unidade familiar en todos os ámbitos da vida comunitaria achegando os recursos comunitarios que ofrece o entorno, creando e ampliando unha rede social no entorno; desenvolver estilos de crianza positivos que favorezan a autonomía, modificar crenzas e actitudes asociadas aos roles de xénero; apoio na adquisición de habilidades sociais e apoio na xestión administrativa; organización e planificación das actividades cotiás, planificación doméstica e administración económica; ofrecer ás unidades familiares recursos e itinerarios socioeducativos e realizar un seguimento do proceso formativo-laboral; promoción de espazos de relación entre mulleres; acompañamento das persoas que integran a unidade familiar no seus procesos de recuperación; seguimento do itinerario educativo das/os menores; coordinación con outros recursos e servizos; emisión de informes; realización de actividades que promovan a coeducación, a igualdade, a interculturalidade, a cooperación, a asertividade e a resolución de conflitos; previr e atender situacións de vulnerabilidade ou risco social.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

A prestación do servizo realizarase en xornada semanal de 20 horas, con dispoñibilidade presencial de luns a venres en horario flexible de mañá e tarde en función das necesidades do servizo e de cada unidade familiar acollida. Conexión telefónica permanente ás 24 horas dos 365 días do ano mediante dispositivo móbil cuxo número se facilitará ás usuarias da rede de vivendas no momento do seu ingreso.

O contrato prevé, ademais, a reposición do enxoval de uso cotián das vivendas cando sexa necesario ata o importe máximo previsto no orzamento de gasto do contrato reflectido na Memoria económica.

## 1.2 Lotes

Non procede a división en lotes pola natureza do obxecto do contrato. Ademais, para a correcta execución dos traballos e o seu control efectivo é preciso unha única coordinación dos mesmos.

## 2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS (artigo 116 LCSP)

A Concellería de Igualdade non dispón actualmente de recursos humanos e materiais suficientes para a realización dos traballos que require a xestión deste servizo municipal específico de atención ás necesidades das vítimas de violencia de xénero descritas no punto primeiro desta memoria.

Para o cumprimento da súa finalidade, será preciso que a entidade á que se lle adxudique o contrato dispoña de persoal adecuado que responda ás necesidades expostas nesta memoria e no prego de prescricións técnicas, e asuma a atención directa das usuarias.

A adxudicataria deberá dispoñer de persoal formado e capacitado para ter unha visión global do medio que lle permita deseñar, implementar e avaliar a perspectiva de xénero en proxectos dirixidos a superar, paliar e previr procesos de exclusión social e vulnerabilidade derivados da violencia de xénero sufrida por mulleres e menores que delas dependen.

## 3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Trataríase dun **procedemento aberto simplificado**, conforme o establecido no artigo 159 da LCSP, determinado porque a contía do valor estimado deste contrato de servizos (e as súas posibles prórrogas) será inferior a 100.000 €. O gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario no programa funcional da Concellería de Igualdade.

A forma de tramitación será a **ordinaria** con múltiples criterios de valoración.

O 55% destes criterios está relacionado coa calidade, de conformidade co establecido no artigo 145.4.2º da LCSP. Ao tratarse dun contrato de servizos contido no Anexo IV, os criterios relacionados coa calidade deben representar, ao menos, o 51% da puntuación asignable na valoración das ofertas.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

#### 4. PRAZO DE VIXENCIA, EXECUCIÓN E PRÓRROGA

##### 4.1 Prazo de vixencia e de execución

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración dun (1) ano, coa posibilidade de realizar como máximo dúas (2) prórrogas, cunha duración dun ano cada unha.

O período de execución desexable sería desde o 28 de decembro de 2022 ata o 27 de decembro de 2023.

##### 4.2 Xustificación do prazo do contrato

Este órgano xestor estableceu este prazo tendo en conta a previsión de que, nos vindeiros exercicios, esta Administración Municipal poida realizar unha modificación das funcións e/ou prestacións que ofrece a rede municipal de vivendas.

##### 4.3 Prazos das prórrogas: máximo 2 prórrogas de 1 ano de duración cada unha

A prórroga será obrigatoria para a contratista, sempre que se lle teña comunicado con 2 meses de antelación e nos demais termos establecidos no art. 29.2 da LCSP.

#### 5. CAPACIDADE E SOLVENCIA

Consonte os artigos 90.1.e), 145 e a disposición adicional 47ª da LCSP, así como no ámbito das competencias que en materia de Igualdade e Promoción das mulleres ten a Concellería de Igualdade mediante Resolucións da Alcaldía dos días 18 e 26 de xuño de 2019, modificadas polas Resolucións de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias, este servizo xestor estipulou no expediente uns requisitos de solvencia técnica que teñen a finalidade de que a empresa adscriba á rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero persoal que teña formación no eido da Igualdade e experiencia en traballos con enfoque de xénero e na intervención social con vítimas de violencia de xénero. Considérase necesario adscribir persoal con estes requisitos dadas as especiais características do programa obxecto deste contrato. Este consiste na atención e intervención con mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, persoas que se atopan unha situación de especial vulnerabilidade. A experiencia no ámbito da intervención social na violencia de xénero e a formación que permita a integración do enfoque de xénero nesta intervención, considéranse imprescindibles para garantir a adecuada atención destes colectivos e o normal funcionamento do servizo.

a) Capacidade:

Só poderán ser adxudicatarias do contrato aquelas persoas xurídicas cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais lle sexan propios.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

Segundo o art. 77.1.b) para este procedemento non será exixible a clasificación empresarial ao tratarse dun contrato de servizos.

b) Solvencia :

Os/as empresarios/as deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional que a continuación se indican:

b.1) Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser cando menos do 70% do valor estimado do contrato.

A acreditación efectuarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o/a empresario/a estivera inscrito/a no dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito/a.

Os/as empresarios/as individuais non inscritos/as no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b.2) Solvencia técnica ou profesional:

Segundo o art. 77.1.b) da LCSP, para este procedemento non será exixible a clasificación empresarial ao tratarse dun contrato de servizos.

Consonte o artigo 90.1 e 90.2 da LCSP, a solvencia técnica acreditarase polo cumprimento dos seguintes dous medios:

1. Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o/a destinatario/a, público/a ou privado/a. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato.

- Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV 85310000-5. Servizos de asistencia social.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando a destinataria sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

certificado, mediante unha declaración do/a empresario/a, acompañada dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

## 6. MEDIOS PERSOAIS

- Persoal técnico encargado directamente da execución do contrato (1):

Conforme a clasificación profesional establecida no Convenio Colectivo estatal de acción e intervención social: **educadora social**, Grupo profesional 1.

Na data de emisión desta Memoria, o Convenio vixente é o do período 2015-2017, Resolución do 22 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Emprego, BOE nº 158, 03/07/2015 (pendente de publicación o II Convenio Colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024).

- Requisitos:

- Ter Grao ou Diplomatura en Educación Social
- Formación especializada en materia de igualdade de xénero e/ou Igualdade de Oportunidades (IO), cunha duración mínima de 60 horas
- Experiencia laboral de seis meses como mínimo na execución directa de proxectos que inclúan a intervención social con mulleres vítimas de violencia de xénero e menores expostos a esta situación

- Xornada laboral mínima: 20 horas semanais

- Acreditación dos requisitos:

- A formación anterior requirida acreditarase mediante os correspondentes títulos académicos e/ou certificados expedidos por organismos públicos oficiais.
- Considerarase formación en Igualdade entre mulleres e homes e en Prevención e loita contra a violencia de xénero os contidos que aborden estas materias baixo calquera das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como igualdade de xénero, *mainstreaming*, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres, conforme establece o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.





<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

Non se terá en conta a formación en Igualdade que se cursou no programa oficial de estudos que serviu para a obtención do título oficial requirido para o posto.

- A experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero, acreditarase mediante certificado de empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal e o nome do programa.
- O Convenio Colectivo estatal de acción e intervención social establécese como referencia de partida para establecer os requisitos de clasificación profesional. O Convenio vixente é o do período 2015-2017, Resolución do 22 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Emprego, BOE nº 158, 03/07/2015 (pendente de publicación o II Convenio Colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024).

Non existe a obriga de suxeición a este convenio, sempre cando as condicións retributivas que se establezan para o persoal, igualem ou melloren o convenio indicado. No caso de publicarse un novo convenio para o sector que deixe este sen efecto, as referencias faranse respecto do que estea vixente legalmente en cada momento.

## 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 145.5 LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación cos aspectos que deben identificar os criterios de avaliación, e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considérase oportuno estipular unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar, entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen un maior grao de coñecemento das licitadoras en relación á execución dos servizos vinculados co obxecto do contrato e a integración efectiva da perspectiva de xénero que caracteriza os proxectos desenvolvidos por esta Concellería. A finalidade é avaliar mediante un sistema de ponderación e conseguinte puntuación que identifique a mellor oferta en relación coa proposta técnica.

Por tanto, consonte o artigo 145 e a disposición adicional 47ª da LCSP, así como no ámbito das competencias que en materia de Igualdade e promoción das mulleres ten a Concellería de Igualdade mediante Resolucións da Alcaldía dos días 18 e 26 de xuño de 2019, modificadas polas Resolucións de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias, este servizo xestor estipulou no expediente uns criterios para a valoración das ofertas presentadas que teñen a finalidade de valorar positivamente a formación no eido da Igualdade e a experiencia en traballos de



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

intervención social directa con mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, que son establecidos como requisito no apartado de solvencia técnica.

O artigo 145.4.2º da LCSP establece a obriga de que, nos contratos de servizos do Anexo IV, os criterios relacionados coa calidade representen, ao menos, o 51% da puntuación asignable na valoración das ofertas. Tal e como se ven explicando ao longo desta memoria, unha maior experiencia laboral e formación dos medios persoais adscritos ao servizo, así como a mellor definición do proxecto técnico presentado, incidirán na calidade do servizo. Estes criterios representan o 55% dos criterios establecidos.

De seguido enuméranse e descríbense os criterios propostos para adxudicar o contrato.

Establécese un sistema de puntuación sobre **100 puntos**, distribuídos nos seguintes apartados:

- En relación aos criterios avaliáveis a través de fórmula, propónse unha aplicación do 75% da puntuación total.
- En relación aos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, propónse unha aplicación dun 25% da puntuación total.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta que máis vantaxe ofrece ao Concello, procederase a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a oferta que presenta a mellor relación calidade-prezo.

#### **7.1 Criterios avaliáveis a través de fórmula. Ata un máximo de 75 puntos:**

- O menor prezo** respecto ao presuposto máximo de licitación, que non poderá ser superior ao importe licitado en ningún caso. Ata un máximo de **45 puntos**.

Mellor oferta económica presentada sobre o orzamento base do servizo: **37.750,78 €**

Presentarase un orzamento desagregado por conceptos.

##### **a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado pola licitadora.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

**b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx * Vof$$

**Vrb**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

**c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A$$

**B**

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

**d) Xustificación das fórmulas elixidas:**

Estas fórmulas resultan proporcionais e veñen sendo utilizadas por esta Administración con continuidade coa conformidade da Intervención municipal.

## 2) **Mayor experiencia laboral** dos medios persoais adscritos ao servizo. Ata un máximo de **15 puntos**.

Valorarase a experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan a intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero, e que constitúen o obxecto do contrato.

Xustificación: o art. 145 da LCSP establece que a mellor relación calidade/prezo poderá avaliarse mediante criterios económicos e cualitativos, como pode ser a experiencia do persoal adscrito ao contrato. En base ao anterior, e atendendo a que a natureza do contrato se



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

fundamenta na intervención sociofamiliar con mulleres e menores en situación de violencia de xénero, considérase que unha maior experiencia laboral do persoal redundará nunha maior calidade do servizo e afectará de maneira significativa á súa mellor execución.

Con 7 meses e ata os 12 meses: 1,5 puntos

Desde os 13 meses e ata os 18 meses: 3 puntos

Desde os 19 meses e ata os 24 meses: 4,5 puntos

Desde os 25 meses e ata os 30 meses: 6 puntos

Desde os 31 meses e ata os 36 meses: 7,5 puntos

Desde os 37 meses e ata os 42 meses: 9 puntos

Desde os 43 meses e ata os 48 meses: 10,5 puntos

Desde os 49 meses e ata os 54 meses: 12 puntos

Desde os 55 meses e ata os 60 meses: 13,5 puntos

A partir de 61 meses: 15 puntos

**3) Maior formación en materia de Igualdade** dos medios persoais adscritos ao servizo. Ata un máximo de **15 puntos**.

Máis de 60 horas e ata 100 horas: 1,5 puntos

Máis de 100 horas e ata 150 horas: 3 puntos

Máis de 150 horas e ata 200 horas: 4,5 puntos

Máis de 200 horas e ata 250 horas: 6 puntos

Máis de 250 horas e ata 300 horas: 7,5 puntos

Máis de 300 horas e ata 350 horas: 9 puntos

Máis de 350 horas e ata 400 horas: 10,5 puntos

Máis de 400 horas e ata 450 horas: 12 puntos

Máis de 450 horas e ata 500 horas: 13,5 puntos

Máis de 500 horas: 15 puntos



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizo do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

**OBSERVACIÓNS A TER EN CONTA:**

Regras de aplicación das fórmulas:

- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar fórmulas.
- Na aplicación de fórmulas só se terán en conta dous decimais.

Acreditación das condicións establecidas nos criterios:

- A formación anterior requirida ao persoal adscrito ao servizo acreditarase mediante os correspondentes títulos académicos e/ou certificados expedidos por organismos públicos oficiais.
- Considerarase formación en Igualdade entre mulleres e homes e en Prevención e loita contra a violencia de xénero os contidos que aborden estas materias baixo calquera das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como igualdade de xénero, *mainstreaming*, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres, conforme establece o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non se terá en conta a formación en Igualdade que se cursou no programa oficial de estudos que serviu para a obtención do título oficial requirido para o posto.

- A experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero, acreditarase mediante certificado de empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal e o nome do programa.

**7.2 Criterios avaliados mediante xuízo de valor. Ata un máximo de 25 puntos:**

Xustificación: co obxecto de valorar os aspectos técnicos da execución do contrato que permitirán establecer unha mellor relación calidade/prezo, as contratistas deberán presentar un proxecto técnico de organización e prestación do servizo que se valorará cun máximo de 25 puntos. Os puntos outorgaranse atendendo a aspectos de calidade técnica que xa están incorporados en catálogos de boas prácticas de contratación pública, así como veñen sendo utilizados e conformados por esta Administración.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

**Proxecto técnico de organización e prestación do servizo.** Valorarase con ata **25 puntos**

As licitadoras deberán achegar unha memoria técnica na que expoñan o seu proxecto organizativo e descritivo do programa obxecto deste contrato, que acredite o coñecemento das características do servizo e das persoas beneficiarias do mesmo, así como as necesidades a cubrir co contrato.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- a) **Metodoloxía, coherencia interna, claridade expositiva, estratexias de intervención, protocolos de traballo e coordinación:** valorarase con ata **16 puntos**.
- b) **Integración da perspectiva de xénero en todas as fases do proxecto:** valorarase con ata **3 puntos**.
- c) **Coñecemento da realidade do contorno e dispositivos de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, integrando este contexto e coñecemento nas fases do proxecto técnico presentado:** valorarase con ata **3 puntos**.
- d) **Plan de calidade, sistema de avaliación e indicadores de satisfacción:** valorarase con ata **3 puntos**.

A efectos de valoración deste criterio:

1. Non será considerada a efectos de valoración, a mera transcripción literal ou quasi literal simple ou mimética das esixencias reflectidas nos pregos de prescricións técnicas ou de cláusulas administrativas, nin as formulacións que contradigan os pregos, ou resulten incoherentes con eles, e, en todo caso, a entidade adxudicataria quedará obrigada igualmente ao cumprimento íntegro dos pregos.
2. De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un umbral mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (12,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (25 puntos), no criterio “proxecto técnico de organización e prestación do servizo”, de tal forma que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte do proceso.
3. Requisitos para a presentación da documentación:

Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións:

- O máximo de follas previstas será de 50 por unha cara (teranse en conta todas as follas que o compoñan, incluíndo índices, portadas, gráficos e demais follas incorporadas)
- O tamaño da folla será A4
- O arquivo dixital non debe superar os 8 MB de tamaño



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

Cando a memoria técnica achegada non cumpra cos requisitos formais de tamaño de folla, número máximo de follas, arquivo único e tamaño deste, procederase á súa valoración técnica, pero deducirase un 25% da puntuación total asignada ao citado criterio.

## 8. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

**Criterios para determinar que a oferta contén valores anormais:** Consideraranse que son ofertas anormalmente baixas, aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual. As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e o dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

## 9. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

### Consideracións de tipo social

O expediente que regula este contrato ten un impacto de xénero positivo pois incorpora a perspectiva de xénero tanto no seu obxecto como na súa implementación e desenvolvemento.

A adjudicataria queda obrigada a que toda a documentación, publicidade, imaxe ou materiais deberán empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza estereotipos sexistas. Utilizará unha linguaxe inclusiva e fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

Conforme o establecido no art. 202 la LCSP, a empresa deberá establecer medidas que fomenten a igualdade no traballo e a conciliación do traballo e a vida familiar entre o seu persoal.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

## 10. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP

Por se procedera a subrogación do persoal de acordo con algún convenio colectivo de aplicación por parte da entidade adxudicataria ou para dar cumprimento a outro tipo de normativa, polo servizo de Igualdade solicitouse o 24/08/2022 á actual adxudicataria do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* a información esixida polo artigo 130 da LCSP relativa ás condicións de contratación do persoal adscrito a este programa ao que lle puidera afectar unha posible subrogación, de ser o caso.

A entidade que actualmente realiza a prestación, que finaliza o 27/12/2022, comunica a este órgano xestor, a través do documento con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 01/09/2022, cod. solicitude: W755134-5575 e núm. de documento 220212470, que o persoal adscrito ao *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* ten como convenio colectivo de referencia o Convenio colectivo estatal de acción e intervención social, e que o dito persoal ten un contrato indefinido, unha xornada de 20 horas semanais (51,94%) e unha antigüidade do 19/12/2017. Indícase ademais que, consonte establece o artigo 13 do citado convenio colectivo, existe a obriga de subrogar ao persoal.

Consta no expediente a documentación completa enviada pola actual adxudicataria coa información esixida polo artigo 130 da LCSP sobre as condicións de contratación do persoal adscrito ao programa (convenio colectivo de aplicación, categoría, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual e pactos en vigor aplicables ao persoal). Ademais, a dita documentación figura como Anexo no prego de prescricións técnicas.

A subrogación, se procede, producirase sempre ao respecto das contratistas (nunca da Administración contratante) e nas condicións económicas e laborais que a normativa laboral estableza. O persoal que realiza os traballos contratados terá dependencia única e exclusivamente coa contratista, que asume ao respecto do persoal todos os deberes relativos á Seguridade Social, Seguridade e Hixiene no traballo, fiscais, etc.

## 11. PRAZO DE GARANTÍA

Dado a natureza das prestacións obxecto deste contrato non é necesario fixar un prazo de garantía, conforme o establecido no artigo 107 da LCSP.

## 12. SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos do indicado no art. 215 da LCSP, désígnase como tarefas críticas todas as incluídas na prestacións obxecto do contrato, que deberán ser executadas directamente pola contratista, non admitíndose a subcontratación. O conxunto de tarefas e intervencións a desenvolver coas unidades familiares beneficiarias deste programa podería quedar seriamente comprometida no caso de que se admitise a subcontratación dalgunha destas tarefas.





<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

### 13. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Prevese a posible modificación do contrato ata un máximo do 20% do prezo do contrato. A ampliación ou redución dos servizos ou as súas prestacións poderá efectuarse polo Concello atendendo ás novas demandas e necesidades sociais, determinadas polo número de familias ou casos por atender, ou a servizos que se poidan incorporar en función das necesidades detectadas.

### 14. RESPONSABLE DO CONTRATO

A responsable do contrato asígnase á xefatura do Servizo de Igualdade.

### 15. SEGURO

Procede a constitución dun seguro de responsabilidade civil por parte da contratista para facer fronte aos danos persoais, materiais e patrimoniais producidos ás persoas beneficiarias do programa e/ou a terceiras persoas durante todo o período do contrato. En caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lle ocorra ás traballadoras con ocasión do exercicio das súas funcións, a adxudicataria cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ao Concello de Vigo.

A adxudicataria deberá presentar, antes da sinatura do contrato, copia da póliza de danos e responsabilidade civil por un valor mínimo de **300.000 €** que cubra os riscos que puideran producirse durante a execución do contrato.

### 16. LUGAR DE ENTREGA

As tres vivendas que integran a rede municipal sitúanse no termo municipal de Vigo. No expediente non se fai ningunha referencia ao enderezo das vivendas por razóns de seguridade e protección das mulleres acollidas e das súas fillas e fillos. Para a súa identificación municipal, os números identificativos no RUEPSS que reflicten cada unha das autorizacións de inicio de actividade como centros de servizos sociais son os seguintes: E-638-C-6, E-638-C-7 e E-638-C-8.

As tarefas e funcións obxecto do contrato desenvolveranse nos seguintes lugares:

Nas propias vivendas que integran a rede, mediante visitas periódicas.

No Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, situado na rúa Romil, 20, baixo (Vigo), para a realización das reunións de coordinación.

Na oficina de Igualdade, situada na praza do Rei, Concello de Vigo, 1º andar, para a actualización dos libros de rexistro e tarefas de coordinación e comunicación coa responsable municipal do contrato.

Distintos dispositivos ou recursos da cidade, nos que sexa necesario acompañar para a realización de xestións ou trámites administrativos relacionados coas funcións e tarefas da educadora en función dos proxectos aprobados para cada unha das persoas usuarias: supermercados, centro de saúde, centro escolar, etc.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

## 17. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

28 de decembro de 2022

## 18. CESIÓN DE DATOS Á ADXUDICATARIA E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL OU INDUSTRIAL

De conformidade co artigo 122.2 da LCSP, sinálase que a execución do contrato require a cesión de datos á adxudicataria. Os datos que serán cedidos polo Concello de Vigo á entidade que resulte adxudicataria deste contrato serán os das persoas usuarias da “Rede municipal de vivendas de protección para mulleres en situación de violencia de xénero” e a finalidade do seu tratamento será a que resulte imprescindible para a correcta prestación das tarefas asignadas neste contrato á educadora familiar, así como para o cumprimento de todos os deberes que asume a contratista.

Non aplicará ou utilizará os mesmos con fin distinto ao previsto no contrato nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, agás autorización expresa por parte da responsable do ficheiro nos termos previstos regulamentariamente.

Aos efectos do disposto nos arts. 122.2 e 308 da LCSP, neste contrato non está prevista a cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

## 19. MEDIDAS EN CASO DE FOLGA

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ao que pertencen as traballadoras adscritas ao servizo, a adxudicataria comprométese a manter informada ao Concello de Vigo das incidencias e coordinará coa responsable municipal do contrato os servizos mínimos a prestar, no caso de que estes se determinen.

Unha vez finalizada, a entidade adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, o informe, coa conformidade da coordinadora do servizo, no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas e servizos que se deixaron de realizar.

Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da folga, o Concello deducirá da factura o importe que corresponda, que será determinado pola persoa responsable do contrato, e comunicáraselle por escrito á adxudicataria.

## 20. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

### 20.1 Obrigas da adxudicataria

1. Remitir á Concellería de Igualdade unha memoria anual de desenvolvemento do programa, que deberá ser emitida ao finalizar cada ano natural, antes do 15 de xaneiro, e unha memoria final ao remate do contrato. A memoria final deberá incorporar unha avaliación sobre o impacto



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

de xénero da contratación, con indicadores e datos desagregados por sexo das persoas usuarias.

2. A adxudicataria desenvolverá o programa con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade, facilitará puntualmente as instrucións e supervisión do labor realizado pola traballadora ao seu cargo adscrita ao programa.
3. Adscribir ao servizo persoal con coñecementos en paquetes ofimáticos e internet, e competencias dixitais dun nivel básico, así como con coñecemento de galego a nivel Celga IV.
4. Dotar ao seu persoal dos recursos materiais básicos necesarios para a execución do servizo contratado (mobiliario, consumibles, material de oficina, memorias, etc.)
5. Comunicar a substitución de persoal por vacacións, enfermidade, baixas voluntarias ou por calquera outra circunstancia, con cinco días de antelación e, se non fose posible, no día no que se produza a substitución.
6. A adxudicataria deberá contar coas correspondentes certificacións negativas do Rexistro Central de delincuentes sexuais para todo o persoal adscrito ao contrato que dedicará á prestación do servizo, ao implicar estas prestacións un contacto habitual con menores, así como a previsión de que eses mesmos certificados deben ser obtidos para os casos de baixas, substitucións ou coberturas de vacante, así como o deber de inmediata substitución do persoal afectado de maneira sobrevida polo incumprimento deste deber.
7. A adxudicataria disporá dun teléfono permanente de contacto, dispoñible 24 horas ao día, 365 días ao ano, co fin de posibilitar a comunicación coas usuarias do programa en caso de imprevistos, necesidade ou emerxencia, e cuxo número se facilitará ás usuarias da rede de vivendas no momento do seu ingreso.
8. Remitir ao Concello informes e estatísticas mensuais e trimestrais, que permitan avaliar a marcha do servizo, cos datos desagregados por sexo que estableza a Concelleira de Igualdade, a través da responsable municipal do contrato.
9. Remitir á responsable municipal do contrato informe puntual das posibles incidencias do servizo e propostas de mellora.
10. En caso necesario, a Concellería de Igualdade, a través da responsable municipal do contrato, poderá establecer elementos complementarios de control e avaliación do servizo que preste a adxudicataria co obxecto de introducir correccións e melloras na forma e calidade da prestación do servizo.
11. Dispor responsablemente das chaves de acceso ás instalacións.
12. Garantir o servizo ás/os usuarias/os, prestando a atención co debido respecto e consideración.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

13. Velar polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informar puntualmente á Concellería de Igualdade das baixas que se poidan producir.
14. Reposición do enxoval de uso cotián das vivendas cando sexa necesario, ata o importe máximo previsto no orzamento de gasto do contrato reflectido na Memoria económica. As altas e baixas destes subministros deberán comunicarse previamente á Concellería de Igualdade.
15. Garantir o emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista tanto na fala como nos documentos e imaxes internos ou públicos referentes á prestación deste servizo.
16. A lingua galega empregarase, con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste servizo, segundo o previsto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.
17. Toda a documentación e protocolos utilizados non conterán publicidade da contratista e reflectirán en lugar destacado o logo do Concello de Vigo.
18. Correrá por conta da adxudicataria a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que se ocasionen ás persoas beneficiarias do servizo e a terceiras persoas, así como dos danos materiais no local onde se leve a cabo a atención.

## 20.2 Obrigas do concello

Por a disposición da contratista a información e documentación necesaria para o desenvolvemento do obxecto do contrato

## 20.3 Confidencialidade, protección de datos persoais e seguridade da información

A contratista e o persoal ao seu servizo na execución do contrato están obrigadas, como encargadas do tratamento de datos persoais, ao cumprimento do disposto nas disposicións legais e regulamentarias que, en materia de protección de datos, se atopen en vigor na data de adxudicación do contrato ou durante a súa vixencia.

Deberá gardar a debida confidencialidade e segredo sobre os feitos, informacións, coñecementos, documentos e outros elementos aos que teña acceso con motivo da prestación do servizo, sen que poida conservar copia ou utilizalos para calquera finalidade distinta ás expresamente recollidas nos Pregos, incorrendo en caso contrario nas responsabilidades previstas na lexislación vixente.

Igualmente, deberá informar aos/ás seus/súas empregados/as de que só poden tratar a información do Concello para cumprir os servizos obxecto do contrato e tamén da obriga de non facer públicos, ceder ou allear cantos datos coñezan. Esta obriga subsistirá aínda despois da finalización do contrato.

Deberá incluír unha cláusula de confidencialidade e segredo nos termos descritos nos contratos laborais que subscriban os/as traballadores/as destinados/as á prestación do servizo contratado. A



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

contratista e o seu persoal someteranse aos documentos de seguridade que poidan estar vixentes no Concello de Vigo para cada un dos ficheiros aos que teñan acceso.

O anterior compromiso afecta tanto á contratista como aos/ás participantes e colaboradores/as no proxecto e enténdese aplicable tanto ao ámbito interno da empresa como ao ámbito externo da mesma.

Unicamente tratará os datos persoais aos que teña acceso para a correcta prestación do servizo. Non aplicará ou utilizará os mesmos con fin distinto ao previsto no contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, agás autorización expresa por parte do responsable do ficheiro nos términos previstos regulamentariamente.

Todos os datos obtidos na execución do obxecto deste contrato teñen a consideración de datos especialmente protexidos e deberán protexerse e tratarse de acordo coa normativa vixente Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 sobre protección de datos de carácter persoal e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os deseños, desenvolvementos ou mantementos de software deberán, con carácter xeral, observar os estándares que se deriven da normativa de seguridade da información e de protección de datos e, en concreto, o relativo á identificación e autenticación de persoas usuarias, establecendo un mecanismo que permita a identificación de forma inequívoca e personalizada de todo/a aquela/a usuario/a que intente acceder ao sistema de información e a verificación de que está autorizado/a, limitando a posibilidade de intentar reiteradamente o acceso non autorizado ao sistema de información.

Unha vez finalizadas as súas tarefas, a adxudicataria, previamente a retirar os equipos informáticos, deberá borrar toda a información utilizada ou que se derive da execución do contrato mediante o procedemento técnico axeitado ou proceder á súa entrega ao responsable do ficheiro. A destrución da documentación de apoio, se non se considera indispensable polo Departamento de Igualdade, efectuarase mediante máquina destrutora de papel ou calquera outro medio que garanta a ilexibilidade, levándose a cabo esta operación no lugar onde se realicen os traballos. Igualmente, deberá adoptar as medidas necesarias para impedir a recuperación posterior da información almacenada en soportes que van ser desbotados ou reutilizados.

O Concello de Vigo resérvase o dereito de efectuar en calquera momento os controis e auditorías que estime oportunos para comprobar o correcto cumprimento por parte da adxudicataria das súas obrigas, estando esta obrigada a facilitarlle todos os datos ou documentos que precise para o efecto.

A adxudicataria terá a obriga de facilitarlle ao Concello de Vigo, para uso exclusivo desta Administración, todos os datos, cálculos, procesos e programas informáticos utilizados durante o período de vixencia do contrato e procederá á devolución da documentación que lle tivese entregado para facilitar a prestación do servizo contratado.



<b>Ref./Expte.:</b>	11694-224
<b>Asunto:</b>	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
<b>Modalidade:</b>	Procedemento aberto simplificado
<b>Destino:</b>	CONTRATACIÓN

O incumprimento por parte da adxudicataria das súas obrigas nesta materia determinará a asunción por ela de todas as responsabilidades previstas na normativa aplicable, incluído o pagamento do importe íntegro de calquera sanción que en materia de protección de datos de carácter persoal lle fose imposta ao Concello de Vigo, así como da totalidade dos gastos, danos e perdas que sufra esta Administración como consecuencia deses incumprimentos.

En consecuencia, cos antecedentes descritos, propónse a remisión da presente memoria xustificativa para a contratación da xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* e a redacción do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

As persoas abaixo asinantes subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos na resolución aprobada pola Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do desenvolvemento operativo do Plan de Integridade na Contratación.

En Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME,

A concelleira-delegada de Igualdade.- Eugenia D. Blanco Iglesias